

A traxedia do Nepal

Ramón Lugrís

Os demos de Lo Manthang

Nun pequeno recanto do Nepal está o reino semiautónomo de Mustang, segundo se lle chama en Occidente, máis propiamente Lo Manthang, a terra da “loba”. O rei é un campesiño que coida das súas terras e fai de xuíz de paz nos preitos entre veciños. Lo Manthang é o nome tamén da capital, que non pasa de ser unha pequena vila, a uns 3.500 metros de altitude, que domina un val fértil regado por augas que logo se van converter nun marabilloso río, o Kali Gandaki, e rodeada de terras desérticas. A vila terá uns mil habitantes e o rei mora nun pazo que se destaca dos outros edificios de Lo Manthang, mais que, no interior, é humilde, escuro e poirento. O monarca –casado cunha señora tibetana–, alén das súas funcións administrativas, desempeña importantes funcións rituais, e unha das máis importantes é a de oficiar nunha cerimonia anual que se celebra na primavera. É o Festival de Tiji, de tres días de duración (nestes últimos anos contemplado por algúns grupos de turistas que chegan á vila despois de camiñar durante catro días, pois non hai estradas en Mustang) e que ten por finalidade “expulsar os demos” do país.

O mito de Tiji refírese a unha deidade, Dorje Jono, que ten que loitar contra o seu propio pai, un demo culpable de provocar unha escaseza de auga, fundamental nunha terra sempre ameazada polo deserto, e causante de moitas calamidades. Dorje gaña a partida e o rei de Lo Manthang e os seus guerreiros, armados con espingardas de chispa, expulsan a tiros os demos, xustamente no momento en que vai comezar a época dos monzóns que vai traer auga e prosperidade.

No ano 2001 os demos de Lo Manthang fuxiron das espingardas, mais foron aniñar no pazo do rei do Nepal, en Katmandú, e alí fixéronse donos do príncipe Dipendra, herdeiro da coroa nepalí, que o primeiro de xuño, disque bébedo, drogado e armado con rifles automáticos, asasinou ao seu pai, o rei Birendra, á raíña Aishwarya e a sete membros máis da familia real e logo intentou suicidarse. Morreu tres días máis tarde, cando xa o declararon rei, malia a carnicería que causou. Ese mesmo día, o 4 de xuño, foi coroado como rei do Nepal o seu tío Guianendra. Os demos de Lo Manthang fixeron causa común cos que xa tiñan residencia na capital do reino e ata hoxe continúan a dirixir a traxedia que vive o país.

A escena

“Como se non houbese mañá” titulaba o semanario *Nepalí News* un editorial no que falaba da situación do país para dicir: “Pode que o conflito militar non

acabe en vitoria, mais o que si é certo é que rematará en desfeita económica”. E comentaba: “A renda nacional está a rentes do chan, o turismo está desfondado, e ata as remesas de diñeiro do estranxeiro fallan... O desgusto público vaise incrementar o próximo verán, cunha inflación de dous díxitos provocada polo recente aumento do prezo do diésel, os efectos combinados dunha estación monzónica serodia e unha seca sen precedentes que xa dura cinco meses e que ten convertido ao Nepal nunha poeira”⁽¹⁾.

O conflito militar que falaba o semanario é o que enfronta o réxime monárquico de Katmandú cos guerrilleiros maoístas que prometen “chantar a bandeira da fouce e o martelo no cumio do Everest”, promesa que ninguén podía imaxinar en 1996 cando un pequeno grupo de radicais desenganados da evolución democrática do país comezaron unha loita armada e que hoxe é un auténtico exército de entre dez mil e quince mil guerrilleiros que controla unha boa parte do Nepal.

O Nepal, un país sen saída ao mar, de 147.181 quilómetros cadrados de superficie e de 26,3 millóns de habitantes, é fisicamente unha marabilla e dispón de bos recursos naturais, mais non por iso deixa de ser un dos países máis pobres do mundo, cun PIB *per cápita* de 260 dólares (segundo datos do Banco Mundial de 2005), unha esperanza de vida de 61 anos para os homes e de 62 para as mulleres, unha poboación que depende maiormente da agricultura e un nivel de pobreza do 40% aproximadamente, segundo datos das Nacións Unidas.

Mirado desde Occidente, o Nepal, que estivera pechado a toda presenza estranxeira ata o decenio de 1960, aínda evoca a imaxe dun pequeno paraíso ancorado nunha especie de Idade Media, frecuentado por numerosos “hippies”, que chegaban a Katmandú en procura dunha vida preto da natureza e animada por marihuana barata e tolerada. Cando a nosa primeira visita ao val de Katmandú, no 1976, xa pasara a moda hippy, mais aínda ficaban grupiños de occidentais medio adormecidos e pouco menos que identificados coa paisaxe nepalí. Mais non mudou moito o aspecto da capital, e moito menos o das zonas rurais do país. De feito, o ritmo da vida era pouco menos que medieval, o comercio realizábase en diminutos locais escuros e pouco surtidos de produtos, a circulación rodada era principalmente de tracción animal e aínda non comezara realmente o turismo urbano nin o de montaña. Katmandú era unha cidadáña tranquila en que non era doado establecer contacto co exterior. Había unha presenza das organizacións internacionais –en particular, dos organismos das Nacións Unidas– e das ONG. Non había contaminación atmosférica nin tampouco acústica.

Poucos anos máis tarde, o Nepal xa se tiña sumado ao ciclo do desenvolvemento urbano e industrial. Como en moitos dos países subdesenvolvidos, o proceso de transformación da vida urbana foi moi lento durante os anos 60 e 70 do século XX. Non era doado investir en infraestruturas de transporte e comunicación de carácter tradicional porque resultaban moi caras. Mais a evolución tecnolóxica, a par-

(1) Número 288, Katmandú, 3 a 9 de marzo de 2006.

tir dos anos 80, ca aparición das computadoradoras persoais e o desenvolvemento de Internet, transformou radicalmente a vida urbana das cidades de países coma o Nepal. Por volta do ano 1990, o Nepal –ou, polo menos, a capital e todo o val de Katmandú, e outras cidades como Pokhara– xa estaba incorporado á “autoestrada da información”. O comercio tiña evolucionado, ampliárase a diversidade de produtos, multiplicáranse os hoteis e as empresas dedicadas ao turismo, as estreitas rúas estaban afogadas de tráfico e, proba definitiva de progreso, a contaminación atmosférica e acústica non era menor que en cidades “modernas” da India.

O Nepal, que ten as súas orixes como estado no ano 1768, nunca foi colonizado por potencias estranxeiras, máis ben tivo tendencia a se expandir a comezos da súa vida nacional, mais foi derrotado, primeiro, por China no Tíbet, que é fronteira, e logo por Inglaterra, potencia colonial na India, que obrigou ao Nepal a firmar un tratado no 1816 polo que se fixaron as fronteiras do país.

Politicamente, a partir de 1846, o Nepal, que era unha monarquía, quedou dominado por unha liña semidinástica de primeiros ministros da familia Rana, que cortaron toda relación do país co mundo exterior. Un século máis tarde, forzas nepalís contrarias aos Rana, establecidas na India, crean unha alianza coa monarquía e no 1951 restablecen a soberanía da coroa e un partido político, o Partido do Congreso, forma goberno. No 1955 o Nepal entra nas Nacións Unidas, morre o monarca reinante, Tribhuvan, e sube ao trono o rei Mahendra. No 1959 apróbase unha constitución que reconece o réxime de partidos.

Os primeiros ensaios de réxime monárquico constitucional fracasaron e xa no 1960 o rei Mahendra suspende o parlamento, a constitución e os partidos cando o Partido do Congreso Nepalí (NCP) gaña as eleccións. Comeza unha época de monarquía absoluta cunha constitución que establece un sistema non partidista de concellos chamados *panchayat*⁽²⁾, sometidos ao poder real e reunidos nunha especie de parlamento. O réxime dura ata 1990, xa con novo monarca, o rei Birendra, desde 1972. O deterioro da situación económica resultante dun bloqueo por parte da India en 1989 e a forte axitación do NCP e dos grupos de esquerdas, disturbios, represión con resultado de mortes e detencións en masa, obrigan a que o rei claudique e acepte unha nova constitución democrática. O NCP gaña as eleccións e Girija Prasad Koirala é nomeado primeiro ministro.

A inestabilidade política caracteriza os anos seguintes, e novas eleccións dan paso a un goberno comunista en 1994, que queda disolto un ano máis tarde. Unha das faccións comunistas, o Partido Comunista (maoístas) lanza a insurrección en zonas rurais e propugna a abolición da monarquía e o establecemento dunha república popular. Sucédense os gobernos, entremedias dunha situación cada vez máis confusa, ata 2001. En abril dese ano, os rebeldes maoístas convocan unha folga

(2) *Panchayat*, nas súas orixes, é un sistema político indio que agrupa a cinco aldeas na mesma disposición cós puntos da quinta cara dun dado, mais tamén refírese a un concello de membros electos que toman decisións de interese para a aldea. Mahatma Gandhi propuxo unha forma de goberno, *Panchayati Raj*, descentralizada como base do sistema político da India.

xeral que paraliza boa parte do país e a policía detén a manifestantes antigubernamentais e algúns dirixentes da oposición na capital, Katmandú. Pouco despois, o asasinato da familia real e a coroación do rei Guianendra.

Os actores

O rei

Guianendra, de 58 anos, non era unha persoa benquerida no país, dedicado como estaba aos seus negocios, por máis que se presentase como un defensor da natureza e promotor da ecoloxía nun país en que os problemas de ecoloxía estaban moi distantes das angustias dos nepalís. Non queremos dicir que o pobo non tivera conciencia dos problemas da defensa do medio natural. En realidade, cando os visitantes estranxeiros pretenden acceder ás zonas protexidas –coma o circuíto dos Annapurnas ou rexións como o Mustang ou Dolpo– están obrigados a cumprir unhas normas moi estritas de defensa do medio natural. Con todo, os problemas fundamentais da xente, en xeral, están máis relacionados coa pobreza e a falta de liberdade. O rei Guianendra ten unha fundación ecoloxista, o *Trust for Nature Conservation*, e colabora co *World Wildlife Fund*. Mais tamén ten negocios de promoción do turismo, alén de ser propietario dun hotel na capital do país, en Katmandú, e dunha plantación de té na parte oriental do Nepal e dunha fábrica de cigarros.

O país que Guianendra herdou en tan dramáticas circunstancias estaba en 2001 ameazado pola insurrección maoísta, que intensificou a súa acción aproveitando o caos en que quedara sumida a Corte. Guianendra, lonxe de tratar de chegar a un entendemento coa guerrilla, destituíu o goberno, declarou o estado de emerxencia no país e deu primacía ao exército para derrotar os guerrilleiros. Como seguía existindo un sector dominante da sociedade partidario do réxime monárquico absoluto, o rei decidiu asumir o poder directo. Era o segundo golpe de estado desde que en 1991 quedara abolida a monarquía absoluta. Guianendra insiste en que non exerce persoalmente o poder executivo e que nomea e destitúe gobernos porque os políticos non cumpren o mandato que lles confía, en particular o restablecemento da paz no país. Declárase partidario dun réxime democrático e multipartidista, mais o certo é que boa parte dos políticos da democracia están afastados do poder, cando non na cadea.

Seguindo o modelo dos réximes autocráticos, o rei promete eleccións libres e unha volta ao sistema democrático cando a guerrilla sexa derrotada. Aplica o seu propio concepto de loita contra o terrorismo e vive nunha realidade virtual que pouco ten que ver coa realidade do país. Katmandú está sometida a ocupación militar e sacudida por revoltas populares. O réxime reacciona con arrestos masivos, detención de dirixentes políticos, suspensión das actividades docentes nas universidades, toques de queda e clausura das redes de telefonía móbil e intervención de Internet. Un dos sectores máis castigados é o da prensa:

arredor de dous mil xornalistas perderon os seus postos de traballo durante o ano pasado a causa de que o goberno pechou xornais e tamén emisoras de radio por dar “informacións negativas”.

A guerrilla maoísta

O levantamento guerrilleiro de 1996 foi o final dun proceso de varios anos de desencanto coa monarquía e co sistema de partidos pechados en se mesmos e lonxe dos problemas da sociedade. Moitos dos que hoxe forman parte do núcleo director da guerrilla participaron nos anos 90 na vida política “normal” e nas primeiras eleccións parlamentarias, mais, ao constataren que a vida política de Katmandú era un mundo alleo á realidade da inmensa maioría do país, que é a sociedade rural, decidiron tomar as armas. A etiqueta de ‘maoísta’ é un tanto equívoca porque non se corresponde de xeito exacto coas ideas do Gran Temoeiro chinés. En realidade, a inspiración dos dirixentes guerrilleiros nepalís está no movemento de *Sendero Luminoso* peruano, segundo recoñecen os dous principais xefes, Prachanda e Baburam Bhattarai. A idea inicial dos maoístas nepalís é a destrución das institucións políticas do país para substituílas por un réxime revolucionario campesiño. Tal como fixera *Sendero Luminoso* no Perú, os revolucionarios nepalís son implacables coa disidencia e recorren ás execucións sumarias e á tortura.

O xefe máximo da guerrilla, Prachanda –alcume revolucionario que significa algo así como “feroz”–, chámase Pushpa Kamal Dahal, ten 52 anos e procede da rexión dos Annapurnas. Hai pouco tempo aceptou ser entrevistado por un xornalista para a BBC de Londres, que o retratou coma un home suave, bromista e de sorriso fácil, pouco intimidante e sen o acostumado carisma dos xefes revolucionarios, característica que en troques ten o seu segundo, Baburam Bhattarai.

Malia o seu carácter revolucionario, os maoístas nepalís decláranse pragmáticos. Prachanda asegura que o seu movemento acepta a democracia de partidos políticos. Tamén asegura que os seus guerrilleiros non teñen intención de tomar pola forza Katmandú e que un futuro goberno con participación “maoísta” podería colaborar cos Estados Unidos. Chega a prometer que, se se chegase a celebrarse eleccións para unha asemblea constituínte, o seu movemento estaría disposto a “renunciar á guerra” e que o Nepal podería seguir sendo “teoricamente” unha monarquía, se é que a asemblea constituínte tomara esa decisión. Mais non sempre aparecen tan pragmáticos os maoístas, que, nos momentos en que a situación do país empeora, ameazan con desterrar ao monarca, cando non sometelo a xuízo nun tribunal popular e posibelmente executalo (hai que ter en conta que, actualmente, a pena capital está abolida no Nepal).

Coméntase que os maoístas nepalís teñen relacións estratéxicas coas guerrillas comunistas “naxalitas” que actúan nas zonas máis pobres da India, como o estado de Andhra Pradesh. Prachanda nega a existencia desa alianza, ao tempo que recoñece afinidades ideolóxicas cos “naxalitas”, e asegura que o seu movemento non pretende exportar a revolución.

Por máis que, ás veces, os maoístas nepalís actúen con crueldade contra os habitantes das zonas rurais se non cooperan coa guerrilla, tamén é certo que o exército guerrilleiro representa unha saída para os desesperados campesiños que malviven da agricultura e que asemade son obxecto de represalias por parte do exército do estado nepalí. E tamén unha esperanza de progreso para as mulleres, que participan na loita armada e na administración das zonas que controla a guerrilla. “Unha muller pobre á que se lle dá un fusil considera que a súa vida como muller ten máis valor”, asegura Prachanda. Hai que ter en conta que no Nepal existe o sistema de castas coma na India e que as bases do movemento guerrilleiro son as castas inferiores da sociedade hindú (as zonas de tradición budista do Nepal están menos implicadas nas loitas revolucionarias).

Cando os maoístas comezaron a loita armada non foron tomados en serio polos políticos de Katmandú, nin tampouco polos diplomáticos establecidos na capital, polos xornalistas e polos organismos de axuda internacionais que teñen unha inmensa importancia na economía do país, dependente en grande medida das achegas financeiras e materiais do estranxeiro. Mais, en dez anos, os maoístas teñen acadado tanta importancia no Nepal coma os movementos guerrilleiros máis destacados de Asia, como os Tigres támiles de Sri Lanka. Están ben organizados e contan con moito armamento que, en parte, foi capturado en asaltos a centros illados das forzas de policía e mesmo do exército e, tamén en parte máis importante, do contrabando de armas a través da longa fronteira do país coa India. Tanta forza ten actualmente o movemento maoísta que, cando declaran unha folga xeral non son moitos os negocios en Katmandú e noutras cidades que ousan desobedecer o chamamento. Con certa frecuencia, como hai poucas semanas, cortan os accesos á capital e controlan o tráfico rodado. Como sinalaba hai pouco un comentarista nepalí, é posible que os maoístas non teñan aínda forza dabondo para gañar a “guerra popular”, mais si para non perdela.

Os países veciños

O Nepal ten unha importancia estratéxica maior do que podería parecer tendo en conta a súa condición de país subdesenvolvido á sombra do Himalaia e coñecido principalmente como o país do Everest. Rodeado polos dous países máis populosos do mundo, a India e China, os escasos 24 millóns de habitantes do Nepal están divididos en máis dunha ducia de grupos étnicos que falan 48 linguas e dialectos. O peso específico do país non é moito, mais os seus veciños cobizan os seus importantes recursos hídricos. Centos de ríos nados no Himalaia teñen un inmenso potencial hidroeléctrico que pode servir para satisfacer as necesidades enerxéticas da India e, por extensión, de Bangladesh.

China, pola súa parte, tanto directamente como por medio do seu aliado Paquistán, trata de pechar o camiño da India e, alén diso, aproveitar o Nepal como vía para influír nos estados do nordés indio, escenario de loitas guerrilleiras contra do poder de Delhi. Xa desde hai moito tempo o réxime de Beijing trata de estar

presente na vida política do Nepal (deixando de lado o xa solucionado problema dos guerrilleiros tibetanos que operaban desde territorio nepalí contra da ocupación chinesa), cuxa primeira mostra foi a construción da “estrada da amizade” que leva de Katmandú á fronteira co Tíbet e, máis recentemente, outra estrada que chega a Lo Manthang⁽³⁾, un dos lugares máis remotos do país.

Diversos incidentes acontecidos nos derradeiros dez anos (coma o secuestro dun avión indio por rebeldes caxemireses apoiados por Paquistán, ou o arresto dun diplomático paquistaní que presuntamente pretendía vender explosivos aos guerrilleiros nepalís) fixeron que a India trate de manter ben firme a súa influencia no Nepal. Tradicionalmente, a India é o aliado máis importante do Nepal nos campos económico, militar e político, mais a India esixe total lealdade do seu aliado. Cando, en 1998, o Nepal tratou de comprar armamento antiaéreo chinés, a India reaccionou pechando os seus mercados aos produtos nepalís e provocou un grave prexuízo económico ao país.

Un dos problemas que ten o Nepal para aproveitar os seus recursos naturais é o de intensificar aínda máis a súa dependencia da India para lles dar saída. Con todo, o aproveitamento dos recursos hídricos do Nepal –e tamén do outro reino himalaio, Bhutan, rico igualmente en auga– xunto cos recursos indios de carbón e os recursos de gas natural de Bangladesh, podería levar á constitución dun bloque de catro países que podería desenvolver un sistema enerxético mixto que beneficiaría a todos os seus integrantes e que representaría unha importantísima forza xeoestratéxica.

A actitude de India é un tanto ambivalente. Por unha banda, declárase partidaria de que o Nepal arranxe unha solución en que participen a monarquía e os partidos políticos. Por outra, non é moi transparente a súa relación coa guerrilla maoísta. A India condenou como terroristas aos maoístas nepalís antes de que o Nepal fixera outro tanto; mais é ben sabido que os principais dirixentes da guerrilla pasan temporadas en territorio indio. Cando en novembro de 2005 celebraron unha reunión en Nova Delhi os dirixentes rebeldes con dirixentes da oposición democrática nepalí –xuntanza da que toda a imprenta informou– as autoridades indianas negaron todo coñecemento desas conversacións. ¿Que pretende a India? ¿Defende realmente unha monarquía constitucional e un réxime democrático pluripartidista como alicerces da estabilidade do Nepal? ¿Non será –como considerou un comentarista do *Wall Street Journal*– que a India prefere ter como veciño un réxime feble e submisivo?

O desenvolvemento da acción

O primeiro de febreiro de 2005, o rei Guianendra deu un golpe de Estado e fíxose co poder absoluto. A acción do monarca provocou un terremoto político no país, que vivía unha situación semidemocrática, e unha intensa actividade diplomá-

(3) Persoalmente tivemos ocasión de constatar en Lo Manthang a crecente influencia chinesa nos produtos de consumo e nos aparellos electrónicos, nunha rexión que, ata hai seis ou sete anos, carecía da practicamente toda mercancía, digamos, “moderna”.

tica, protagonizada polos principais actores participantes da política internacional do Nepal, isto é, os Estados Unidos, Gran Bretaña e a India. Os tres, xunto coa Unión Europea e as Nacións Unidas (que ten unha oficina de dereitos humanos en Katmandú), condenaron o golpe e demandaron o restablecemento dos dereitos civís e políticos no país, alén de retiraren os seus embaixadores, medida que tamén adoptaran outros países. China e Paquistán, seguindo os seus particulares intereses no escenario, limitáronse a comentar que o acontecido era asunto interno do Nepal. O rei e os seus conselleiros aseguraron cando o golpe que os maoístas serían derrotados antes de seis meses e que só nese momento consideraría o monarca falar coas forzas políticas para un restablecemento do réxime de partidos.

A realidade é que, transcorrido máis dun ano, os maoístas seguen a demostrar a súa capacidade para operar en todo o país e paralizar a vida do Nepal cando lles convén. A violencia insurxente intensificouse ao tempo que se reducían máis as poucas liberdades civís que restaban, e o rei foi ficando máis illado tanto no país como na escena internacional. Nun intento de gañar a partida, o rei convocou eleccións municipais para o mes de febreiro de 2006. A campaña foi caótica, con asasinatos e disturbios. Un 25 por cento dos 4.000 postos en disputa non tivo candidatos. Moitos destes, alarmados polas ameazas dos maoístas, decidiron non participar, e déronse varios casos de candidatos que foron obrigados a permanecer pechados en lugares seguros para impedir que se retirasen, ou a xurar cargos en distritos non disputados sen que tivese lugar a votación. E as forzas de seguridade, en particular a policía, seguiron sufrindo baixas a mans dos guerrilleiros.

O fracaso das eleccións veu acompañado dun agravamento da inseguridade no país. Durante todo o mes de marzo, o exército e a guerrilla intensificaron as súas accións armadas, que xa comezaran no mes de xaneiro cando o rei refugou sumarse á suspensión unilateral da actividade armada que os maoístas tiñan declarado. As forzas armadas nepalís, que son o único apoio que ten o rei, tamén intensificaron as súas accións represivas, especialmente contra os campesiños que sexan sospeitosos de ter prestado axuda aos maoístas. No final do mes de marzo chegaron noticias de zonas un tanto remotas do país que falaban de represalias do exército con resultado de morte entre a poboación rural. A situación dos campesiños é dramática porque están sempre en perigo de ser castigados, sexa polos maoístas, sexa polo exército.

A sociedade nepalí, nos estreitos límites que a situación política lle permite, multiplica as actividades cara unha saída da crise. A primeiros de marzo, a Asociación de Avogados do Nepal celebrou unha conferencia, con asistencia de máis de 2.000 delegados, que instaron ao rei a disolver o actual goberno “inconstitucional”, anunciar un alto o fogo inmediato e aceptar a celebración de eleccións para unha asemblea constituínte. A Conferencia aprobou unha Declaración de Katmandú en que se di que unha asemblea constituínte elixida polo pobo é unha absoluta necesidade neste momento para poñer fin a un réxime antidemocrático. E o presidente da Asociación chegou a proclamar no seu discurso perante a Conferencia que “se o presente réxime continúa a seguir o seu propio camiño, a Asociación, na súa próxi-

ma conferencia, esixirá que se estableza no país unha república democrática”. A Conferencia condenou os recentes nomeamentos de maxistrados da Corte Suprema de Xustiza por seren persoas que non defenden os principios da supremacía constitucional, dos dereitos humanos, do imperio da lei e a independencia da xudicatura. Nunha demostración de valentía, a Conferencia condenou accións do goberno como os arrestos domiciliarios, as execucións extraxudiciais e as desaparicións de críticos do réxime. E, coa vista no futuro do país, a Conferencia, que ten unha periodicidade trienal, determinou que se debe dar cabida nunha reestruturación do Estado ás mulleres, ás castas inferiores, aos indíxenas (con referencia ás tribos que viven na zona selvática do Nepal) e a outras minorías hoxe discriminadas.

Na segunda quincena de marzo visitou o Nepal unha “Misión” de organizacións internacionais relacionadas cos medios de comunicación para estudar directamente a situación do exercicio de liberdade de prensa e de información no país. Entre as doce organizacións participantes estaban a Federación Internacional de Xornalistas, o Instituto Internacional de Prensa, *Liberté sans Frontières*, a UNESCO e o Comité Mundial de Liberdade de Prensa. Despois de se entrevistaren con todo tipo de representantes dos medios de comunicación nepalís, autoridades, partidos políticos, xuristas, etc, a Misión emitiu unha declaración en que expresou a súa grave preocupación polos ataques, intimidacións, acoso, abusos sexuais durante as detencións e os arrestos arbitrarios que sofren os profesionais dos medios de comunicación por parte das forzas de seguridade. A Misión censurou tamén os abusos cometidos por elementos da guerrilla maoísta, que non respectan a liberdade de opinión e atacan aos xornalistas que exercen as súas funcións nas zonas de conflito.

As autoridades –como era de esperar– aseguraron, por boca do Ministerio de Información, que o goberno está comprometido coa defensa da liberdade de prensa, mais a Misión sinalou a cada vez maior participación das forzas armadas e da policía en ataques contra xornalistas e editores de prensa, e que as ordenanzas relativas á prensa, ditadas polo goberno, violan os principios da constitución de 1990, que en teoría segue vixente no país.

Desde hai algún tempo, dirixentes dunha alianza de sete partidos do Nepal viñan mantendo conversas confidenciais con representantes da guerrilla maoísta nalgún lugar próximo a Nova Delhi, a capital da India, e segundo noticias dos medios de comunicación europeos, a finais de marzo chegaron a un acordo, que non é o primeiro que se establece entre a oposición democrática e o movemento maoísta. Un analista –simpatizante dos partidos de esquerda– que está facendo un doutorado na Universidade Jawaharlal Nehru e segue atentamente esas actividades, ten comentado que aos negociadores, reunidos nunha atmosfera de temor, ten que lles resultar moi difícil chegar a conclusións concretas tendo en conta a complexa situación política en Katmandú e o desexo de todos eles de se afirmar na esfera política⁽⁴⁾.

(4) Citado por Surendra PHUYAL, *Parties-Maoist talks on in Delhi*, en <http://www.kantipuronline.com/>, Kathmandú, 11 de marzo de 2006.

O acordo establecido entre os sete partidos da oposición e os maoístas, alén de convocar unha gran manifestación contra o rei Guianendra, que aínda non se tiña celebrado no momento en que se escribe o presente artigo, determinou a supresión do bloqueo que os maoístas impuxeron a mediados de marzo. Nun comunicado conxunto, os signatarios do pacto dicían que estaban de acordo en que o único medio para poñer fin ao conflito é restaurar plenamente a democracia no Nepal. Trátase, pois, dunha acción de masas contra o réxime do rei Guianendra.

As negociacións entre os partidos da oposición ao rei e os maoístas, aparte dos problemas propios da situación política interna do Nepal, teñen desencadeado unha forte reacción do goberno dos Estados Unidos, dedicado como está a loitar contra o terrorismo en todas as súas manifestacións, e moi sensíbel a calquera posibilidade de que apareza un novo foco de “disidencia” nun escenario de gran transcendencia para a política dos EUA como é o triángulo chinés-paquistaní-hindú.

Hai poucos meses, os negociadores dos partidos e dos maoístas parecían chegar a un acordo de 12 puntos para a normalización da vida política nepalí. Pasou o tempo e non se manifestaron reaccións negativas no estranxeiro, polo que os analistas consideraron que, como o acordo estaba orientado a solucionar o grave problema político do país pola vía democrática, podíase supor que os grandes actores internacionais –e moi en particular os EUA– miraban con comprensión o que estaba acontecendo. Mais non era así: o embaixador norteamericano no Nepal, James F. Moriarty, aproveitou un discurso que tiña que pronunciar nunha fundación cultural para atacar con forza o acordo de 12 puntos. O goberno de Washington decatouse de que os 12 puntos eran como unha bomba contra a súa política e considerou que os maoístas saían moi favorecidos no trato porque acadaban carta de lexitimidade no concerto político nepalí. Como noutros casos, a tese da Administración Bush é a de que, no fondo, os sete partidos coligados o que están facendo é axudar ao terrorismo maoísta.

Alén de lle facer o xogo ao réxime do rei Guianendra, as críticas e denuncias do embaixador teñen un segundo destinatario, que é a India, malia a recente demostración de amizade entre o presidente Bush e o goberno de Nova Delhi. É ben sabido, aínda que non se recoñeza, que os dirixentes maoístas entran e saen da India a vontade e que, segundo observadores nepalís, ditan desde territorio hindú, directrices e consignas aos seus cadros dentro do Nepal. Como noutros casos de situacións ambiguas de figuras políticas disidentes refuxiadas no territorio de países que teoricamente son aliados do goberno que aqueles refuxiados combaten, quizabes a India non adopta medidas contra os maoístas porque poderían ser de utilidade nunha eventual negociación co rei nepalí. Parecería que o acordo de 12 puntos contaba co beneplácito de Nova Delhi. E precisamente debe ser iso o que lle preocupa ao embaixador Moriarty: que a India xogue cartas políticas na futura evolución do Nepal.

De outra banda, o embaixador dos EUA, que é un especialista en política chinesa, con moita experiencia en misións tanto en Beijing como en Taipei, ten unha terceira perspectiva para xulgar a situación do Nepal, perspectiva que pasa por Chi-

na e que pode dalgún xeito torpedear o bloque –mesmo tenue– que a India mantén cos seus veciños, Bangladesh e Sri Lanka. O embaixador chinés en Nova Delhi chegou a dicir recentemente que o seu país estaría disposto a axudar en eventuais negociacións cos movementos “maoístas” (como os naxalitas hindús) de todo o subcontinente.

O fundamental e inmediato, desde a perspectiva nepalí, é que o embaixador Moriarty quixo deixar ben sentado que todos os terroristas do mundo –desde Osama Ben Laden ata Hamas en Palestina ou os maoístas do Nepal– son unha mesma cousa e que non cómpre negociar con eles mentres non entreguen as armas. A conclusión para consumo nepalí sería, segundo o embaixador, que, como non se pode negociar coa guerrilla maoísta por seren terrorista, os sete partidos democráticos deberían tratar de chegar a un entendemento co rei Guianendra e así abrir unha porta á normalización política. E unha segunda conclusión é a de que, unha vez xuntos o monarca e os partidos políticos, sería necesario levar adiante, con máis forza, o combate contra o movemento maoísta ata a súa total desfeita. Quere dicir, aplicar no Nepal a panacea Bush antiterrorista. Mais, ¿onde fican os gravísimos e fundamentais problemas económicos, sociais, de infraestrutura e de desenvolvemento rural que padecen dende hai tempo e que hoxe están máis enraizados que nunca?

Desenlace incerto

Despois de tantos anos de conflito, de deterioro da situación económica, de destrución da importante industria do turismo (non son raros os casos de secuestro ou de extorsión a turistas e montañeiros a mans da guerrilla maoísta), existe no país un evidente desexo de paz e de tranquilidade. Multiplícanse as voces que piden o fin da guerra entre as forzas armadas e a guerrilla. Nun recente artigo publicado en *Nepal News*⁽⁵⁾, un comentarista sinalaba que nese conflito de “dúas guerras” simultáneas, a das armas e a de gañar a confianza do pobo, non hai unha posibilidade de solución armada. A non ser que se chegue a un alto o fogo e dea comezo un proceso de paz cara unha solución política, o Nepal está condenado a unha guerra sen fin. A condición previa para ese proceso é que as dúas partes se convenzan de que non poden gañar a guerra. Parece que os maoístas xa se teñen decatado desa realidade, mais o rei Guianendra e as súas forzas armadas seguen firmes no convencemento de que poden derrotar ao inimigo.

Un dos obstáculos máis importantes para que, mesmo no caso de que as forzas enfrontadas acepten a realidade de que non é posible unha vitoria armada, é a cultura do “politiqueo”, propia das elites nepalís, que non se decatan –ou non se parecen decatarse– de que o mundo está cambiando ao seu redor, e que tanto China como a India están entregadas a un proceso de afirmación xeostratéxica en que o

(5) COWAN, Sam: *Nepal's Two Wars*, en *Nepalnews*, Katmandú, 2 de marzo de 2006.

Nepal sairá perdendo se non corrixe a súa interpretación da realidade. Unha perspectiva positiva para o Nepal sería que as súas elites, superado o conflito, se decatasen das posibilidades que o progreso dos seus poderosos veciños presenta para o desenvolvemento do seu país. Hai que convivir co “Dragón” e co “Tigre” –China e a India– e saber tirar proveito desa convivencia, viña a dicir un comentarista recentemente⁽⁶⁾. E afirmaba que as elites políticas do Nepal teñen que se decatar de que, nun mundo cada día máis interdependente, o illamento nacionalista pode resultar o peor inimigo do país e dos seus intereses. É moito o que está en xogo para que o Nepal saia do estancamento e a miseria. Soamente poderemos redefinir o destino do Nepal, dicía Subindra Bogati, se somos quen de medrar e colaborar con eses dous países veciños que aloumiñan o soño de ser as potencias dominantes da terra.

De non seguir o consello do comentarista –e doutros como el– a traxedia do país non terá desenlace e os demos de Lo Manthang, convertidos en demos da guerra e da xenreira, seguirán determinando o destino do Nepal.

Ramón Lugrís é membro do Consello Asesor do Igadi.

(6) BOGATI, Subindra: *Living with the Dragon and the Tiger*, en <http://www.kantipuronline.com/>, Kathmandú, 25 de marzo de 2006).